

OS ARQUIVOS E O PATRIMONIO DOCUMENTAL DE GALICIA

MEMORIA PÚBLICA, MEMORIA PRIVADA, MEMORIA SOCIAL
MATERIAIS PARA UN DEBATE SOBRE OS ARQUIVOS E O PATRIMONIO DOCUMENTAL

22 E 23 DE NOVEMBRO DE 2012
CONSELLO DA CULTURA GALEGA - ANABAD GALICIA

COORDINAN
GABRIEL QUIROGA BARRO
OLIMPIA LÓPEZ RODRÍGUEZ
MARÍA DOLORES PEREIRA OLIVEIRA
PEDRO LÓPEZ GÓMEZ

Na formación da memoria da sociedade, o patrimonio documental, concepto que se acha intimamente ligado aos arquivos, xoga un papel fundamental.

A memoria social constituiría a síntese da memoria pública, xerada de forma principal a través da actividade que realizan de forma continuada as administracións públicas, e da memoria privada. Esta constrúese a partir dos testemuños que a denominada sociedade civil (individuos, familias, empresas, asociacións e outras entidades non públicas) produce a cotío no desenvolvemento dos actos de natureza intelectual, artística, xurídica, económica, política, relixiosa..., que realiza no desenvolvemento das funcións que lle son propias.

Os arquivos públicos son os lugares de depósito por excelencia deste patrimonio documental, pero non os únicos. Concibir este conxunto como unha unidade, elaborar estratexias para controlalo e, sobre todo, facelo accesible, con independencia da súa propiedade ou do lugar onde se atope, son algúns dos retos aos que se enfrontan a cotío os arquivistas, a Administración de arquivos e os teóricos da Arquivística en todo o mundo.

Noutra orde de cousas, o propio concepto de memoria social áchase ligado á denominada "Arquivística postmodernista", desenvolvida especialmente en Canadá a partir de mediados da década dos anos de 1990, que veu poñer en cuestión, a partir da crítica da teoría Arquivística anterior e da revisión do concepto de testemuño ligado á materialidade do documento de arquivo, moitas das certezas coas que ata ese momento se abordaban procesos tan transcendentales como a avaliación e selección ou a descrición documentais.

Con estes antecedentes, este seminario aspirará a debater arredor daqueles aspectos que máis teñen que ver coa formación, control e "explotación" desa parte fundamental da memoria social que representan os arquivos. Pero non se pretende esgotar esta materia senón abordala a partir duns cantos temas considerados "chave" tanto en relación coa memoria pública como no que respecta á memoria privada.

No primeiro caso, adquire especial importancia a cuestión da formación do patrimonio documental. Existindo centros especializados no control e tratamento dese patrimonio, os arquivos, o problema non radica tanto en reflexionar sobre como deben realizar os profesionais o seu traballo senón en como articular de forma fluída a relación entre os organismos e institucións produtores de documentos e estes centros. É un debate teórico, pero tamén práctico, pois o problema da acumulación documental incide directamente nos recursos que se dediquen a almacenar, controlar, avaliar, seleccionar, eliminar, transferir, tratar e facer accesibles aqueles documentos.

No segundo, no da memoria privada, convén reflexionar antes que nada sobre cales son as mellores estratexias para que esa memoria, ou a parte máis valiosa dela, chegue a formar parte verdadeiramente da memoria social. Porque é evidente que nin todo o patrimonio documental de orixe privada pode pasar a mans públicas (a forma tradicional de facelo público), nin sempre se seguiron políticas racionais de adquisición de arquivos privados por parte das distintas administracións. Pero non por iso este patrimonio debe deixar de interesar ao conxunto da sociedade.

Por tanto, neste caso, cobra especial importancia o coñecemento dese patrimonio, moitas veces oculto, e as formas de conseguir que os seus propietarios se interesen verdadeiramente por el, o conserven de forma adecuada e o poñan a disposición do resto da sociedade, sen que iso signifique renunciar a articular fórmulas para que os arquivos públicos sigan a recibir tamén fondos privados.

Con estes criterios, propóñense os temas e os relatores que constan no programa. Este iníciase cunha introdución xeral sobre o papel do arquivista na preservación da memoria a cargo de Manuel Real, arquivista xubilado da Cámara Municipal do Porto. Seguen catro relatores principais que desenvolverán os diversos temas-chave elixidos. Como contrapunto, outros tantos retrucantes incidirán na experiencia desenvolvida en Galicia. Aspírase así a desenvolver un debate que achegue luz tanto sobre as preocupacións actuais dos profesionais dos arquivos como, sobre todo, as necesidades da sociedade en relación coa preservación e acceso á súa memoria.

PROGRAMA

22 NOVEMBRO

09:30 H. INAUGURACIÓN

10:00 H. **O PAPEL DO ARQUIVEIRO NA PRESERVACIÓN DA MEMORIA**
MANUEL REAL, director xubilado do Departamento de Arquivos da Cámara Municipal do Porto
Presenta: GABRIEL QUIROGA BARRO, Arquivo de Galicia

**1ª SESIÓN. A FORMACIÓN DO PATRIMONIO DOCUMENTAL DE ORIXE PÚBLICA:
A AVALIACIÓN E SELECCIÓN DOCUMENTAL**
**MEMORIA PÚBLICA E MEMORIA SOCIAL: O DEBATE TEÓRICO E PRÁCTICO SOBRE A AVALIACIÓN
E SELECCIÓN DOCUMENTAIS**
Modera: PEDRO LÓPEZ GÓMEZ, Universidade da Coruña

11:00 H. **A MEMORIA IMPOSIBLE: APUNTES PARA UN DEBATE SOBRE A TEORÍA DA VALORACIÓN E SELECCIÓN DE
DOCUMENTOS**
LUÍS HERNÁNDEZ OLIVERA, Universidad de Salamanca

12:00 H. DESCANSO

12:30 H. **O PLAN DE IDENTIFICACIÓN, AVALIACIÓN E SELECCIÓN DOCUMENTAL DO ARQUIVO DE GALICIA**
MAR GARCÍA MIRAZ, Arquivo de Galicia

16:30 H. **A EXPERIENCIA EN MATERIA DE AVALIACIÓN DOCUMENTAL DA GENERALITAT DE CATALUNYA**
LLUÍS CERMENO I MARTORELL, Generalitat de Catalunya

17:30 H. **A EXPERIENCIA EN AVALIACIÓN DOCUMENTAL DO ARQUIVO DO REINO DE GALICIA**
Mª DEL CARMEN PRIETO RAMOS, GLORIA GARCÍA LÓPEZ, ESTRELLA LLANO BUJÁN,
DOLORES LESTÓN SUÁREZ, Arquivo do Reino de Galicia

2ª SESIÓN. ESTRATEXIAS PARA A XESTIÓN DO PATRIMONIO DOCUMENTAL DE ORIXE PRIVADA
COÑECER O PATRIMONIO DOCUMENTAL
Modera: Mª DOLORES PEREIRA OLIVEIRA, Arquivo Histórico Provincial de Lugo

18:00 H. **O CENSO-GUÍA DE ESPAÑA E IBEROAMÉRICA**
SEVERIANO HERNÁNDEZ VICENTE, Subdirección General de los Archivos Estatales

19:00 H. **EN TORNO AOS ARQUIVOS FAMILIARES PRIVADOS. VISIÓN E EXPERIENCIAS DUN PROPIETARIO**
EDUARDO PARDO DE GUEVARA, Instituto de Estudios Galegos "Padre Sarmiento"

23 NOVEMBRO

ADQUISICIÓN PÚBLICA-FOMENTO/XESTIÓN DE ARQUIVOS PRIVADOS. EXPERIENCIAS
Modera: OLIMPIA LÓPEZ RODRÍGUEZ, Arquivo Territorial de Lugo

10:00 H. **O CENSO DE ARQUIVOS: A EXPERIENCIA DA XUNTA DE GALICIA**
MARINA GARCÍA PITA, Xunta de Galicia. Servizo do Sistema de Arquivos

11:00 H. **O PUNTO DE VISTA DO INVESTIGADOR**
PEGERTO SAAVEDRA FERNÁNDEZ, Universidade de Santiago de Compostela

11:30 H. DESCANSO

**3ª SESIÓN. RECOMENDACIÓNS PARA O ACCESO AO PATRIMONIO MOBLE ELABORADAS
POR UNHA COMISIÓN TÉCNICA TEMPORAL DO CONSELLO DA CULTURA GALEGA**

12:00 H. **CONCHA VARELA OROL, UNIVERSIDADE DA CORUÑA**
BIEITO PÉREZ OUTEIRIÑO, Museo das Peregrinacións e de Santiago
MAR GARCÍA MIRAZ, Arquivo de Galicia

13:00 H. DEBATE



CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

ANABAD _____
_____ *GALICIA*

A inscrición é gratuíta.

O número de prazas é limitado (100 persoas).

As prazas cubriranse por rigorosa orde de inscrición.

Entregarase diploma acreditativo de asistencia ás xornadas.

Para obter o diploma é preciso asistir ao 75% das sesións.

Máis información e inscrición: difusión@consellodacultura.org

Consello da Cultura Galega
Pazo de Raxoi, 2º andar
15705 Santiago de Compostela. Galicia
Tlfo.981957202

Consulta os materiais en: <http://consellodacultura.org/mediateca>